

CONXURA DE SILENCIO

O verán avanza, e moito cambiou en Galicia desde o do ano pasado. A vida segue marcada polo lúdico e o productivo, dous aspectos da vida humana nos que o mar reviste especial significación no noso país por este tempo. Pois ben, máis alá das declaracións e intencións dos gobernantes, dificilmente se poderá dicir que vivimos un verán “normal”.

Hai menos “festa”, menos ganas de rir e divertirse ca anos anteriores, por moito que o *Prestige* non nos comese a moral aos galegos, ben ao revés. Na pesca as cousas non van ben, abonda con oír-los mariñeiros cando un se achega a eles en confianza. O turismo non vai ben, e non só na Costa da Morte, a gran damnificada a empezos de ano, ou na Mariña, coa actual “visita” negra e retirada de bandeiras azuis. Aínda en lugares das Rías Baixas onde o chapapote non se deixou ver, vense agora apartamentos sen alugar, terreos de cámping con déficit de ocupación, moita mesa libre en bares e restaurantes, comercios con perda.

E o piche segue aquí. ¿Alguén pensaba que realmente “o problema está solucionado”? A Mariña e a Costa da Morte reciben materia negra. Ao sur, en xullo a xente aínda luxaba os pés. De instancias oficiais recoñécese que nas illas hai cantís e fondos sucios de fuel, que nas Cíes a praia das Figueiras segue pechada. A semana pasada, algunha expedición turística marchou de Ons: a combinación de calor e chapapote deu nunha situación practicamente -e case literalmente- irrespirable.

Sen embargo, moitos din que o euro e o tempo serían os fundamentais causantes do grave prexuízo económico deixado pola campaña turística deste ano. ¿É o euro unha novidade do 2003? ¿Que tempo nos prexudica, o do frío, o da calor ou ambos a dous?

No fondo, segue aquilo do que poucos queren falar, aínda que se tiras de linguas abofé que falan: o negro aluvión, o pecio ameazante. Ambos arestora, para alivio de ilusos, velados por unha mesta capa de silencio.

ALARMA EN POIO

A empezos deste mes, pecharon a praia de Chancelas, na ría de Pontevedra, por culpa da aparición dun vertido confuso. O alcalde do concello de Poio, o nacionalista Luciano Sobral, díxonos que consistía nunha mestura de graxa con algas. Estaba pendente de análise, e de momento hai quen pensa que pode vir da combinación de determinados produtos utilizados na limpeza das rochas e mailo chapapote. Non falta quen lle dá a culpa a unha fábrica de conservas dos arredores, pero seica non se lembra doutros anos ningún vertido semellante procedente dela.

DE LUGO

O devalo do turismo non afecta só a costa. Algún establecemento comercial lugués, sempre moi concorrido de foráneos por este tempo, acusaba no mes pasado diminución de vendas nun elevado tanto por cento. No turismo rural tamén hai caída de reservas.

¿E OS ALEMÁNS?

Xa desde hai anos, alemáns, holandeses e británicos chegaban a Galicia no verán e a súa presenza era ben notoria en cámpings e espazos públicos. Este ano vense moi poucos, e dáselle a culpa á crise económica. É curioso: dinnos que na Costa Brava hai moitos.

